

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN**

ANUNCIO da convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto/a técnico/a.

Na Resolución da Alcaldía 2025-0560, do 16 de xullo de 2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para a provisión dunha (1) praza de arquitecto/a técnico/a.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 143, do 30 de xullo de 2025, publicáronse integramente as bases reguladoras da convocatoria e de selección, en réxime de funcionario de carreira, para cubrir unha praza vacante de arquitecto/a técnico/a do Concello de Pazos de Borbén (oferta de emprego público de 2025), polo procedemento de concurso-oposición, quenda libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan conforme as bases, faranse públicos na forma prevista nelas.

Pazos de Borbén, 4 de agosto de 2025

Xosé Luciano Otero Camiña
Alcalde

CVE-DOG: 24aalac9-jrs8-b3c6-bqd9-gsnttn5w6xr3

